

**ANEXO III**

- Café-bar (con ou sen comidas), cafeterías; casas de comidas
- Hamburgueserías, bocaterías
- Pizzerías; pub
- Taberna

**ANEXO IV**

- Talleres (automóbil, bicicletas, cadros e molduras, relojería, carpintería, metálica, fontanería, ebanistería e similares)
- Bancos e Caixas de aforro.
- Hoteis, hostais, hospedaxes, casas de turismo rural.
- Restaurante, churrasquería, mesón.
- Discotecas, salas de festa, salóns de baile.
- Elaboración e envasado de viños, produtos cárnicos, etc.
- Fábricas, industrias transformadoras de alimentos, panaderías
- Imprentas
- Laboratorios
- Maquinaria industrial, material construción
- Supermercados
- Servizos técnicos reparación electrodomésticos.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, a 16 de decembro de 2013. — O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

**2013011203**

**A N U N C I O**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o 24 de outubro de 2013, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora da taxa da rede de sumidoiros, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 07.11.13 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procédese de seguido á publicación do texto íntegro:

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS****ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución. polo artigo 106 da lei 7/85. de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa de rede de sumidoiros que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

**ARTIGO 2º FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.
  - b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas. augas pluviais. negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal.
  - c) O mantemento integral do sistema de rede de sumidoiros de migas residuais.
2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, teñen carácter obrigatorio para todas os inmobles do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o inmovible non exceda de cen metros, devengarase a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.
  3. Non estarán suxeitas á Taxa os inmobles derruídos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso da rede de sumidoiros.

**ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei.58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que se atopen nos supostos seguintes:
  - a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil do inmovible.
  - b) No caso de prestación de servizos do número 1. b) e c) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos inmobles do termo municipal, beneficiarios de devanditos servizos, calquera que sexa o título polo que o faga.
2. En todo caso. terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, o propietario do inmovible, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

**ARTIGO 4º. RESPONSABLES**

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

**ARTIGO 5º. BASE IMPONIBLE**

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de xestión da rede de sumidoiros,

**ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA**

1. – A cota da taxa determinarase en función dunha cantidade fixa sinalada ao efecto nos seguintes casos:

| CONCEPTO  | COTA    |
|---|---------|
| 00.-LOCAL VACÍO, EN OBRA, RUÍNA. ETC.   | 0,00 €  |
| 01.- VIVENDA (ANEXO I)  | 40,00 € |
| 02.- ACTIVIDADES COMERCIAIS MENORES: PROFESIONAIS ARTÍSTICAS E DE SERVIZOS (ANEXO II) | 50,00 € |
| 03.- HOSTELERÍA MENOR (ANEXO III)   | 60,00 € |
| 04.- ACTIVIDADES INDUSTRIAIS: BANCOS, HOTEIS SUPERMERCADOS (ANEXO IV)                 | 70,00 € |

Pola Conexión establécese os seguintes importes de taxa:

Conexión rede sumidoiros unifamiliar / nave: 160,00 €  
Conexión rede sumidoiros colectivos, por vivenda ou local: 65,00 €

- 2.— A cota da taxa determinarase como a cantidade resultante da suma da aplicación dunhas cantidades fixas sinaladas ao efecto e a cantidade resultante de aplicar unha tarifa (en función da cantidade de auga medida en metros cúbicos utilizadas no mesmo bimestre), nos inmobles afincados no Polígono Industrial da Reigosa, establecéndose en base aos seguintes importes:

*05.—POLÍGONO INDUSTRIAL “A REIGOSA”:*

- a) A cota tributaria que se esixirá pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros e depuración, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no inmovible, de acordo cos usos establecidos pola Ordenanza reguladora da taxa por abastecemento de auga.
- Cota de servizo de rede de sumidoiros: 67,27 € ao bimestre
  - Cota de consumo:
    - Consumo fixo ata 45 m<sup>3</sup>: 18,64 € ao bimestre
    - Máis de 45 m<sup>3</sup>: 0,536 €/m<sup>3</sup>.
- b) Cota tributaria correspondente á acometida á rede, 3,827 euros por cada local/nave
- 3.— Para os titulares de inmobles non conectados á rede de abastecemento de auga que reciban os servizos de rede de sumidoiro. conforme ao establecido no artigo 1.2 da presente ordenanza, fíxase unha cota igual aos importes fixos sinalados no apartado anterior. Non obstante o anterior, no caso de realizar grandes vertidos, procederase á instalación dun contador, para a determinación da taxa por consumo real e non estimado.
- 4.— As comunidades de propietarios ou de veciños están suxeitas ao uso doméstico cando contén con servizo de abastecemento de auga independente do que corresponda a cada un dos inmobles.
- 5.— Nos supostos non previstos nos epígrafes das tarifas ou seus anexos facturárase por similitude.
- 6.— Nos establecementos ou locais onde coexistan dúas ou máis actividades ou usos dos especificados nos epígrafes e seus anexos tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.
- 7.— As vivendas onde ademais se realice unha actividade económica tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.
- 8.— As vivendas unifamiliares onde se realice unha actividade económica dos epígrafes 02 ou 03 tributarán cada un polo seu uso sempre que o local dispoña de acceso directo dende a rúa, independente da vivenda. Ao cesar a actividade causará baixa no Padrón fiscal tributando só a vivenda.
- 9.— As cantidades indicadas non inclúen o imposto sobre o valor engadido nos casos en que se teña que percibir.
- 10.— Tarifas de análises, inspeccións e informes: As análises e probas para comprobar as características das verteduras efectuaranse de acordo cos métodos estándar adoptados polos laboratorios dos servizos de saneamento. En todos os casos, ben sexa para a concesión da licenza de conexión ou por accións de inspección ou comprobación, ditas análises realizaranse con cargo ao responsable da vertedura.

Non se esixirán ao responsable da vertedura a taxa devengada polos análises e probas derivadas das inspeccións cando o resultado sexa negativo.

As cantidades esixidas con ocasión da práctica das análises requiridas axustarase ás seguintes contías:

| PARÁMETROS                           | TARIFAS |
|--------------------------------------|---------|
| PH                                   | 5,40 €  |
| Conductividade                       | 5,40 €  |
| Sólidos en suspensión totais         | 16,38 € |
| D.B.O.5                              | 34,23 € |
| D.Q.O.                               | 27,51 € |
| Fósforo total                        | 15,15 € |
| Nitróxeno amonacal                   | 12,78 € |
| Sulfuro                              | 18,91 € |
| Aceites e graxas                     | 64,92 € |
| Recollida e envío mostra laboratorio | 94,70 € |

As cantidades que se esixirán con ocasión das actuacións de inspección e informe ascenderán a 183,56 €.

As actuacións esixidas con ocasión dos análises dos outros parámetros:

| PARÁMETROS        | €/parámetro | PARÁMETROS      | €/parámetro |
|-------------------|-------------|-----------------|-------------|
| Aluminio          | 34,82 €     | Estaño          | 34,82 €     |
| Arsénico          | 52,24 €     | Cobre           | 24,37 €     |
| Bario             | 34,82 €     | Zinc            | 24,37 €     |
| Boro              | 17,40 €     | Cianuros totais | 55,93 €     |
| Cadmio            | 34,82 €     | Cloruros        | 15,68 €     |
| Cromo hexavalente | 24,37 €     | Sulfitos        | 44,85 €     |
| Cromo total       | 34,82 €     | Sulfatos        | 27,84 €     |
| Ferro             | 24,37 €     | Fluoruros       | 27,84 €     |
| Manganeso         | 24,37 €     | Fenois totais   | 31,60 €     |
| Níquel            | 34,82 €     | Aldehidos       | 41,80 €     |
| Mercurio          | 52,24 €     | Deterxentes     | 32,53 €     |
| Chumbo            | 34,82 €     | Pesticidas      | 464,17 €    |
| Selenio           | 52,24 €     | Toxicidade      | 149,40 €    |

IVE non incluído

**ARTIGO 7º. EXENCIONES E BONIFICACIONES**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais oti en normas con rango de Lei.

**ARTIGO 8º. DEVENGO**

1. Devéngase a Taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:
  - a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
  - b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da Taxa producirase con independencia de que se obteña ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.
2. Establecido e en funcionamento o servizo ao tratarse dun servizo periódico o devengo da taxa coincidirá co primeiro día de cada ano natural.

**ARTIGO 9º. PERÍODO IMPOSITIVO**

Cando se trate de servizos periódicos, o período impositivo coincidirá co ano natural, salvo no caso de alta no servizo que abranguerá desde o día da alta ata a finalización do período impositivo, e no caso de baixa. desde o primeiro día do período impositivo ata o día da baixa.

**ARTIGO 10º. TAXA POR ACOMETIDA; LIQUIDACIÓN E INGRESO DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DESTE SERVIZO**

1. A taxa esixirase en réxime de declaración ou de autoliquidación, de acordo co exposto no art. 27.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
2. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de acometida, previamente á presentación da oportuna solicitude. practicarán a correspondente declaración ou autoliquidación e efectuarán o seu ingreso nas contas bancarias indicadas e presentarán xuntamente coa súa solicitude xustificante bancario do ingreso efectuado.
3. Se se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude de licenza de acometida. procederase a liquidar e notificar a Taxa tan pronto se detecte esta situación.

Nestes supostos o ingreso efectuarase nos prazos e lugares que se indiquen na notificación da liquidación e nos prazos previstos na normativa tributaria, para liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria no último dos supostos referidos.

Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desa Taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón).

**ARTIGO 11º. DECLARACIONES**

1. Presentarase ante o Concello as declaracións de alta, baixa ou modificación 110 servizo que afecte a exacción da taxa. As declaracións producirán efectos dende a súa presentación nos supostos de baixa, e dende a efectividade da alta ou modificación nos demais supostos.
2. Toda declaración de alta deberá achegar:
  - a) Identificación do substituto do contribuínte (achegando copia do NIF). E se non fora o mesmo, identificación do contribuínte (achegando copia do NIF).
  - b) Copia do título de propiedade do ben ou dereito sobre o inmovible obxecto do servizo



3. Nas declaracións de modificación (de calquera tipo). Deberanse achegar os documentos que a xustifiquen.
4. Nas declaracións de baixa. achegarase certificado de declaración de ruína da construción ou documentación acreditativa de que o inmovible adquiriu a condición de soar ou terreo. Fora dos supostos sinalados. non se admitirá baixa algunha.
5. O substituto do contribuínte. estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico. xurídico ou económico que se produzan nos inmobles ou actividades gravadas pola taxa. que repercutan nas condicións de exacción da taxa. Ditas declaracións deberán presentarse no rexistro xeral deste Concello, en todo caso, dentro dos 15 días naturais seguintes a efectividade da modificación da situación inicial,
6. Nos casos nos que proceda. establécese un sistema de xestión común da presente taxa coas taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga.

**ARTIGO 12º. PADRÓN DA TAXA**

1. A exacción desta taxa efectuarase mediante recibo emitido ao substituto do contribuínte, onde constará, de ser o caso, o contribuínte usuario do servizo.
2. O cobro dos recibos poderase facer:
  - a) En metálico, nos lugares que se sinalen nos edictos de exposición ao público.
  - b) Ou mediante domiciliación bancaria.
3. O cobro das cotas realizarase trimestralmente.  
En referencia ao servizo que se preste no Polígono da Reigosa, o cobro das cotas realizarase bimestralmente, e como máximo emitiranse seis liquidacións anualmente.
4. Os padróns emitidos, unha vez aprobados polo órgano competente expóranse ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello.

En todo caso expóranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

**ARTIGO 13º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.**

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derogada a anterior Ordenanza fiscal reguladora da Taxa da Rede de Sumidoiros a partir da entrada en vigor desta Ordenanza fiscal.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación desta Ordenanza Fiscal. foi aprobada polo Pleno da Corporación e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ANEXOS:****ANEXO I**

Vivendas ocupadas ou desocupadas: Bungalows, Galpóns, Alpendres (en fincas sen construción principal con uso distinto ou meramente agropecuario, aínda que teñan un uso temporal).

*ANEXO II*

Establecementos dedicados a venta en xeral (abonos, alimentación, mercadorías, calzados, roupa e similares

- Academias de ensino, autoescolas
- Aluguer de coches, Axencias de viaxes.
- Estudos arquitectura, despachos de avogado
- Asesorías, contabilidade, seguros, xestorías
- Asociacións sociais, culturais e deportivas
- Exposición e venta coches, motocicletas, cociñas...
- Clínica dental
- Confeitería, pastelería, lambetadas, panaderías dedicadas á venta
- Copistería, prensa, quioscos
- Decoración e interiorismo
- Estación autobuses
- Estancos, loterías
- Farmacias, consulta médicos
- Fotografía, informática, librerías
- Garderías, escolas, institutos de ensinanza
- Inmobiliarias
- Notaría, nutrición e dietética-venda
- Oficinas, ópticas, organización nacional de cegos,; ortopedia.
- Pompas fúnebres
- Salóns de beleza, sanatorios, satinas e masaxes
- Teatros
- Tinturerías
- Veterinaria-consulta, vídeo club, viveiros de plantas;
- Ximnasios, xaderías, xogos recreativos

*ANEXO III*

- Café-bar (con ou sen comidas), cafeterías; casas de comidas
- Hamburgueserías, bocaterías
- Pizzerías, pub
- Taberna

*ANEXO IV*

- Talleres (automóbil, bicicletas, cadros e molduras, relojería, carpintería, metálica, fontanería, ebanistería e similares)
- Bancos e Caixas de aforro
- Hoteis, hostais, hospedaxes, casas de turismo rural
- Restaurante, churrasquería, mesón
- Discotecas, salas de festa, salóns de baile
- Elaboración e envasado de viños, produtos cárnicos, etc.
- Fábricas, industrias transformadoras de alimentos, panaderías
- Imprentas



- Laboratorios
- Maquinaria industrial, material construción
- Supermercados
- Servizos técnicos reparación electrodomésticos.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, a 16 de decembro de 2013.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2013011204**

## A N U N C I O

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria celebrada o 24 de outubro de 2013, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza reguladora da taxa de recollida do lixo, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 07.11.13 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procédese de seguido á publicación do texto íntegro:

### **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO**

#### *ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo Concello de Ponte Caldelas acórdase a imposición e ordenación da Taxa por servizos de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza de rúas particulares, que se rexerá pola presente Ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

#### *ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE*

1. Constitúen o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, inmobles desocupados e obras. Así mesmo constitúen o feito imponible desta Taxa, a monda de pozos negros e a limpeza en rúas particulares.

A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou se a recollida ou vertido esixe a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

2. A recepción do servizo de recollida do lixo ten carácter obrigatorio para tódolos inmobles situados nas zonas onde se preste o servizo.
3. Non está suxeita á Taxa os seguintes servizos:
  - a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
  - b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
  - c) Recollida de escombros de obras.